

O xerente, como presidente, ven de convocar a Mesa Negociadora do IIº Convenio para o mércores 28 de xuño.

Para esta segunda fase CC OO seguirá a defender a proposta realizada antes das asembleas e que inclúe as seguintes demandas:

1. Incluír a todos os traballadores con contrato laboral dentro dun Convenio,
2. Frear a precariedade laboral existente na Universidade de Vigo.
3. Propoñer un sistema retributivo que garanta unhas retribucións xustas e a homologación retributiva.
4. Normativizar a conciliación da vida laboral e familiar.
5. Negociación en paralelo dunha nova RPT para o PAS laboral.

En canto ao punto 3º CC OO propón os seguintes niveis mínimos que se corresponden cos seguintes niveis funcionariais: A 23, B 21, C 18 e D18 (para o grupo V sería o E 14)

	<u>Ano 2005</u>	<u>Proposta mínimos (salario 2005)</u>
Grupo I	27.033,03 €	29.510,76 €
Grupo II	22.486,86 €	23.910,49 €
Grupo III	17.410,23 €	18.959,01 €
Grupo IV	14.877,63 €	17.231,69 €

O punto de partida ten que ser, de novo, o Iº Convenio Colectivo do que temos que aproveitar as súas partes máis positivas (as que non deron problemas ao longo destes cinco anos). Tamén, parece obvio, que teñamos en conta a experiencia deste ano longo de negociación.

CC OO chama de novo a unidade sindical dos tres sindicatos para pechar filas en torno a unha proposta que recolla as reivindicacións de todos os grupos e categorías do persoal laboral.

Vigo 21 de xuño de 2006

Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo